

AINHOA: YO NO SOY ESA

[Carolina Astudillo Muñoz, 2018]

466

PASE ÚNICO EN NUMAX: 14.12.2018 | V.O.

Ainhoa: yo no soy esa (2018, 98')

Dirección: Carolina Astudillo Muñoz

Guión: Carolina Astudillo Muñoz

Participación: Patxi Juanicotena Mata, Esther Carrillo, Lluís Subirós Tiriti, David Roca

Son: Alejandra Molina

Montaxe: Ana Pfaff

Música: Diego Mune, Bernardette Zeilinger

Fotografía: David Domingo, Paola Lagos

Produtora: Un Capricho De Producciones (España)

Distribuidora: Un Capricho De Producciones

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Málaga 2018 (Mellor Documental),
DocumentaMadrid 2018 (Mención
Especial do Xurado, Mellor Son)

FILMOGRAFÍA

El gran vuelo, 2014

Deseo de civilización: Notas para

El gran vuelo (2014) [curtametraxe]

Lo increíble (2012) [curtametraxe]

De monstruos y faldas (2008)

[curtametraxe]

SINOPSE

Ainhoa Mata naceu no seo dunha familia que filmou, gravou e fotografou a súa vida cotiá durante moitos anos. Na adolescencia, comezou a escribir o que non quixo contar a ninguén. Os diarios, que conservou até a súa morte, describen unha muller distinta á que coñeceron os seus familiares e amigas e tamén revelan unha infinidade de temáticas relacionadas coa experiencia feminina.

«Astudillo arma un documental demoledor no que ispe tanto a esencia do seu personaxe como a propia»

Ezequiel Boetti, OTROS CINES

OS OLLOS VERDES 18/19

OCINEMA INÉDITO
DE NUMAX

Entrada gratuíta até completar aforo


CONCELLO DE
SANTIAGO


UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA



“Os diarios de Ainhoa tratan os mesmo temas cós de Pizarnik, Sexton, Kahlo ou Plath”

Entrevista con
Carolina Astudillo Muñoz
 Por Alejandra Portela

Ter recibido o enorme material de arquivo que dá lugar ao filme debeu ser para un tesouro para ti. Como chegou ás túas mans? Conversando unha tarde, o meu amigo Patxi comentoume que seu pai filmaba e que tiña material desde os anos 60 até os 90, en Super8 e 16 mm., e tamén centos de fotografías. O temor de Patxi era que cando el morrese todo o material fose parar a un mercado ou a unha feira. Foi entón cando lle pedín que me trouxese o material. Tróuxome cunha maleta e a súa historia familiar. Faloume da súa irmá Ainhoa, contoume que se suicidara, que escribía... Eu nese intre estaba a ler varios diarios de escritoras como Alejandra Pizarnik, Anne Sexton, Frida Kahlo e Sylvia Plath. Daquela pedínlle os diarios e aí decateime de que eran moi parecidos aos diarios destas mulleres. Por suposto que non se pode comparar o estilo, pero os temas que contaba Ainhoa eran os mesmos. Son temas que teñen a ver coas experiencias das mulleres, co desexo de seren nais, con ese momento en que non che vén a regra, coa maternidade, coa relación cos homes... Daquela decido comezar a escribir o guión, primeiro transcribindo os diarios de Ainhoa, subliñando os textos que se podían comparar cos das outras escritoras. A escrita do guión durou un ano e tiveron que desbotar bastantes materiais.

Por momentos o traballo entre a voz e a imaxe parece fuxir do rexistro documental e entra nunha ficción típica de found footage. Foi adrede iso? Como traballaches a relación entre a túa voz, os testemuños e as imaxes de arquivo? E sobre todo que hai de documental e que hai de ficción no filme? O meu anterior filme, *El gran vuelo* (2014), sitúase na mesma liña que *Ainhoa*, podes entrar na historia

de Clara Pueyo a través do relato de ficción aínda que ela foi unha persoa real. O traballar con imaxes atopadas sempre che permite unha especulación e aí podería falarse dunha ficción, pero en xeral mesmo a xente que filma documentais observacionais tamén fai postas en escena. En todo caso non lle dou moita importancia á diferenza entra ficción e non ficción. Con respecto ás voces testemuñais eu entrevistei a moitos amigos de Ainhoa e decidín elixir os máis importantes: Tiriti, Ester e o seu irmán. Sempre pensei que non íamos ver a estas persoas, que era mellor poder escoitalas.

Que autores ou filmes che serviron para facer *Ainhoa: yo no soy esa*? O meu director preferido é Chris Marker, gústame como traballa o texto e como traballa as imaxes. Os seus textos son verdadeiros ensaios que van pasando dun tema a outro. Tamén Péter Forgács, Agnès Varda e Alina Marazzi.

A identificación que estableces ao principio do filme cando falas das ditaduras de Chile e de España abría outros camiños que finalmente non desenvolviches. Cal foi a intención desa primeira idea? En realidade esa comparación podería abrir un camiño que non desenvolvín no filme. De política non se fala directamente, dise que nacemos en ditadura, que vivimos en distintos países de maneira similar, pero máis que centrarme na situación política quixen facer unha comparación a nivel persoal, con esta idea de que o persoal é político. A coincidencia do seu aborto e o meu, a dificultade de tomar esa decisión... coído que aí reside o político do filme.

Que significou para ti facer este documental? Para min foi un enorme traballo non só a nivel cinematográfico senón tamén emocional. Nese sentido é unha obra que me removeu máis que o meu anterior filme, *El gran vuelo* (2014). Aínda que me acheguei moito ao personaxe de Clara Pueyo, lendo as súas cartas e textos políticos, sentíame máis preto de Ainhoa e alégrome que ao filme lle estea a ir ben porque foi un traballo moi solitario.

Que foi de todo o material orixinal. Volveu á súa familia? Eu teño os brutos orixinais e Patxi quedou cunha copia dixital dos arquivos.

Publicado en <http://leedor.com/>
 Tradución: Xan Gómez Viñas

CAROLINA ASTUDILLO MUÑOZ

Nacida en Santiago de Chile en 1975, Astudillo diplómase en Estudos de Cinema na Universidade Católica de Chile para logo cursar un Máster en Documental Creativo na Universitat Autònoma de Barcelona. Tanto o seu traballo investigador como cinematográfico e literario atopa como eixo vertebrador o pensamento político da muller ao longo da Historia. Entre as súas primeiras obras atópanse *De monstruos y faldas* (2008), *Lo indecible* (2012) e *Deseo de civilización: Notas para El gran vuelo* (2014) premiada en festivais como Mar del Plata, Jihlava, Málaga ou Biarritz. En 2014 Astudillo Muñoz asina *El gran vuelo*, suxestiva evocación da historia da militante do Partido Comunista Clara Pueyo Jornet que tivo a súa estrea en NUMAX tras gañar a Biznaga de Prata ao Mellor Documental en Málaga e o Premio Feroz ao Mellor Documental. A relación do seu cinema co documental de arquivo ten a súa continuación na excelente *Ainhoa: yo no soy esa*, gañadora de novo ao Mellor Documental en Málaga e Mellor Son e Mención Especial do Xurado en DocumentaMadrid 2018.

OS OLLOS VERDES

O programa *Os ollos verdes*. O cinema inédito de NUMAX proxecta obras recentes que non foron estreadas comercialmente en España. Filmes que procuran novas formas e linguaxes para o cinema e cuxa calidade vén refrendada cos premios e seleccións en festivais de relevancia internacional. *Os ollos verdes* conta ademais co apoio do Concello de Santiago e a Universidade de Santiago de Compostela, o que permite o acceso **gratuito até completar aforo** a todas as sesións e a posibilidade de acadar **1 crédito ECTS** para o estudiantado da USC que acoda a un mínimo de 12 sesións ao longo do curso 2018/2019 e realice un traballo á conclusión. Máis información en comunicacion@numax.org

NA LIBRARÍA NUMAX

Diarios completos, Sylvia Plath
 Alba Editorial, 2016
Diarios, Alejandra Pizarnik. Lumen, 2013
El diario de Frida Kahlo, Carlos Fuentes
 RM Verlag, 2009
Poesía completa, Anne Sexton. Linteo, 2013

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
 Concepción Arenal, 9 baixo
 15702 Santiago de Compostela
 TELF 981 560 250 | www.numax.org